



Ciclo de conferencias

# INTERNACIONAIS

---



---

# PROGRAMA

## MARTES 8

12-15h

Restauración de decoracións de estuco entre o manierismo e o barroco en Roma: métodos tradicionais e innovadores de limpeza e consolidación  
Carla Giovannone

## MÉRCORES 9

12-15h

Restauración de mármore e novas tecnoloxías (aplicacións 3D na restauración de bustos de Palmira e na recén descuberta Mitra di Tarquinia)  
Luciana Festa

## XOVES 10

12-15h

O Proxecto Nanocatedral. Probas de novos produtos sobre a Catedral de Santa María de Vitoria Gasteiz  
Luciana Festa  
Pablo García

16.30-17.30h

ENCoRE: ¿que ocurriu na formación en conservación restauración nos últimos 20 anos en Europa?  
Wolfgang Baatz

## VENRES 11

12-15h

A profesión de conservador restaurador: desenrollo, diferentes achegas e cuestións éticas.  
Wolfgang Baatz

---



# Carla Giovannone



Carla Giovannone fórmase como restauradora no ICR, nas especialidades de Pintura e de superficies decoradas de Arquitectura (pedra, mosaico, estucos...). Tamén é Licenciada en Historia da Arte pola Universidade La Sapienza de Roma.

Dende 2001 é profesora de materiais pétreos naturais e artificiais e dende este ano forma parte do consello científico do ISCR (Instituto Superior de Conservación e Restauración, antigo ICR de Roma). Combina estas tarefas coa docencia na Academia de Belas Artes de L'Aquila como profesora de conservación-restauración de materiais pétreos dende o ano 2016.

Na súa longa traxectoria profesional inclúese a actividade como restauradora por conta propia, así como de docente no máster de Arquitectura da Escola de Especialización en Restauración de Arquitectura de Roma, ou labores de asesoramento e investigación para a Superintendencia Arquitectónica de Nápoles, do ICCROM, así coma na elaboración da Carta do Risco do Patrimonio Nacional de 1990.

Ten colaborado en máis de 26 publicacións relacionadas con temáticas e intervencións sobre patrimonio en materiais inorgánicos, que van dende estudios e contribucións a conferencias sobre consolidantes, estudios sobre policromías ou aplicacións de láser en patrimonio.

Conferencia en italiano

# Luciana Festa

---

Formada en Nápoles, con estudos en Química da cerámica e restauración, amplía a súa formación con cursos en Pisa ou no ICCROM sobre patrimonio arqueolóxico, de xestión de proxectos do ámbito cultural ou de creación e desenvolvemento de empresas.

Como membro do ICOM, participa en grupos de investigación vinculados ó Patrimonio etnográfico e antropolóxico.

Ten unha extensa carreira profesional como conservadora-restauradora e como asesora de diversos sitios arqueolóxicos napolitanos (incluíndo Pompeia), así coma en Roma. Nesta cidade traballa como formadora e asesora para diversas entidades.

A súa labor docente pasa pola Universidade de Frosinone, onde imparte conservación de materiais pétreos naturais e artificiais, ata a súa actual actividade lectiva para centros de formación en restauración como o ISCR (antigo ICR), a Universidade de L'Aquila ou a de Nápoles.



Conferencia en italiano



# Pablo García

---

Pablo García é licenciado en Belas Artes na especialidade de conservación e restauración do Patrimonio (2013) e Máster en conservación – restauración do Patrimonio, conservación preventiva (2015), ambos títulos obtidos na Universidade Complutense de Madrid.

Tras traballar no sector privado, a partir de 2014 participa en proxectos de intervención sobre diversos materiais (xeserías, pedra, metais,morteiros...) en distintas obras da cidade de Toledo.

Dende 2016 forma parte do equipo multidisciplinar da Catedral de Santa María de Vitoria, onde coordina o proxecto europeo "Nano Cathedral" centrado no estudo e experimentación con consolidantes e protectores inorgánicos en nanoformulación.

# Wolfgang Baatz

---

Wolfgang Baatz é director do Instituto de Conservación-Restauración da Academia de Belas Artes de Viena.

Tras estudar Conservación, traballou durante 16 anos como conservador autónomo. Durante este tempo tamén estudou química na Universidade Técnica de Viena, antes de voltar á Academia como profesor en 1994 e colaborar na creación do Instituto.

É un dos fundadores, ademáis de actual presidente, de ENCore (European Network Conservation-Restoration Education). ENCoRE foi creado en 1997 co obxectivo de promover a investigación e formacion no campo do patrimonio cultural, baseándose nas directrices e recomendacións de ECCO (Professional Guidelines of the European Confederation of Conservator-Restorers Organization E.C.C.O.) e o Documento de Pavía de 1997.

Actualmente ENCoRE ten 41 membros, entre as entidades vinculadas á formación en conservación e restauración en Europa e as institucións colaboradoras que traballan no campo da protección e investigación do patrimonio cultural.



Conferencia en inglés

Lugar:  
Sala de exposicións da  
Escola Superior de Conservación e  
Restauración de Bens Culturais de Galicia

Rúa Maestranza  
s/n

■ Pontevedra ■

Facultad de Bellas  
Artes

Entrada libre ata completar o aforo

+ info

886 15 97 35

[www.gradoconservacionbbcc.es](http://www.gradoconservacionbbcc.es)

[twitter/escolaconservac](http://twitter/escolaconservac)

[instagram/escolaconservac](http://instagram/escolaconservac)

[facebook.com/gradoconservacionbbcc.es/](http://facebook.com/gradoconservacionbbcc.es/)

